



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución idioma 1, III: Inglés-Español

Materia	Tradución idioma 1, III: Inglés- Español			
Código	V01G230V01606			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Rodríguez Rodríguez, Beatriz María			
Profesorado	Rodríguez Rodríguez, Beatriz María			
Correo-e	brodriguez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Está materia será unha introdución á tradución inversa que lle permitirá ao alumno consolidar coñecementos previamente adquiridos sobre o proceso de tradución e as estratexias e fontes de documentación das que dispoñen para afrontalo ao tempo que lle permitirá prepararse para a tradución especializada.			

Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
C10	Capacidade de traballo en equipo
C11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
C17	Capacidade de tomar decisións
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C22	Destrezas de tradución
C24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
C27	Capacidade de razoamento crítico
C30	Coñecemento de idiomas
C32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
D4	Resolución de problemas
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Toma de decisións
D9	Razoamento crítico
D10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
D12	Traballo en equipo
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Comprensión doutras culturas e costumes
D19	Iniciativa e espírito emprendedor
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe			
Resultados previstos na materia		Resultados de Formación e Aprendizaxe	
O alumno será capaz de analizar o xénero e rexistro do texto fonte e as condicións da encomenda, o que lle permitirá manexar as estratexias de tradución máis apropiadas.	A3	C2	D4
	A4	C3	D7
		C4	D9
		C8	D22
		C17	D23
		C18	
		C22	
		C24	
		C27	
		C30	
		C32	
O alumno será capaz de identificar problemas de tradución e solventalos defendendo o seu traballo.		C2	D4
		C3	D6
		C4	D7
		C10	D9
		C17	D10
		C18	D16
		C22	D17
		C27	D19
			D22
		D23	
O alumno manexará as fontes de documentación existentes para a tradución español-inglés e coñecerá a situación do mercado.	A2	C8	D6
	A4	C9	D9
		C27	D10
O alumno demostrará a súa capacidade de traballo individual e en grupo.		C10	D9
		C11	D12
		C17	D23
		C27	

Contidos

Tema	
Unidade 1. A tradución inversa.	Características da tradución inversa. Tradución e cultura. Estratexias de trasvase na tradución español-inglés.
Unidade 2. Fontes de documentación para a tradución español-inglés.	Fontes de documentación trad. español-inglés. O mercado laboral da tradución español-inglés (revisión informes, estatísticas, editoriais, organismos...).
Unidade 3. Análise da tipoloxía textual, problemas de trasvase, factores que interveñen, propostas de tradución e a súa xustificación.	3.1. Textos instrutivos 3.2. Textos turísticos 3.3. Textos xornalísticos 3.4. Outros textos: Divulgativos e literarios

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudos/actividades previos	0	16	16
Sesión maxistral	12	24	36
Actividades introdutorias	2	0	2
Titoría en grupo	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	20	20
Traballos de aula	8	0	8
Resolución de problemas e/ou exercicios	22	0	22
Traballos e proxectos	0	30	30
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	12	14

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Estudos/actividades previos	Lectura e análise da bibliografía obrigatoria.

Sesión maxistral	Nestas sesións introduciranse os puntos teóricos que se implementarán mediante diferentes tarefas dentro e fóra da aula para que o alumno adquiera e mellore as súas competencias.
Actividades introductorias	A primeira sesión presencial dedicárase a explicar os obxectivos, temario, avaliación e metodoloxía docente. Uso de FAITIC.
Titoría en grupo	Nas titorías en grupos permitirán o comentario ou revisión das encomendas e entregas obrigatorias.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Os aspectos teóricos exercitaranse mediante a realización de diferentes tarefas dun xeito individual e na casa.
Traballos de aula	Formularanse tarefas de todo tipo en base a os obxectivos e competenciias pertinentes, o que lle permitirá ao alumno fomentar o espírito crítico, o traballo en equipo e a súa propia aprendizaxe.
Resolución de problemas e/ou exercicios	En grupos ou en parellas os alumnos terán que realizar diversas tarefas para implementar os coñecementos teóricos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Titoría en grupo	Titorías personalizadas para resolver as dúbidas dos alumnos. FAITIC.
Probas	Descrición
Traballos e proxectos	Titorías personalizadas para resolver as dúbidas dos alumnos. FAITIC.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas e/ou exercicios	Lectura obrigatoria individual establecida pola profesora (10%), actividades individuais ou en grupo de tradución (10%). Porén, o alumnado terá que entregar unha tarefa sobre a novela obrigatoria. Se non a entrega, ou a entrega non ten un mínimo de calidade, terá unha penalización de 0,4 na nota final. Todas as tarefas se entregarán en inglés.	20	A2 C3 D4 A3 C4 D6 A4 C8 D7 C10 D9 C18 D17 C22 D22 C24 D23 C30 C32
Traballos e proxectos	Dúas encomendas de tradución individuais cun comentario crítico tradutolóxico escrito en inglés. Data entrega primeira encomenda: segunda semana de marzo (25%). Data entrega segunda encomenda: semana do 18 ao 22 de abril (25%).	50	A2 C2 D4 A3 C3 D6 A4 C4 D7 C8 D9 C9 D10 C11 D16 C17 D17 C18 D19 C22 D22 C24 D23 C27 C30 C32
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Exame final da materia que terá unha parte teórica sobre os contidos da materia (redactada en inglés) e outra práctica. A parte práctica será unha tradución ó inglés na que o alumno xustifique en inglés as súas propostas (con dicionarios e glosarios pero sen ordenador). A parte práctica valerá 7 puntos e a teórica 3. O alumno terá que aprobar cada unha das partes para superar a proba. Data: 18 de maio ás 10.00h (os dous grupos).	30	A2 C3 D4 A3 C4 D7 A4 C9 D9 C17 D16 C18 D23 C22 C30

Outros comentarios sobre a Avaliación

A materia é presencial (80% asistencia obrigatoria). O alumnado de avaliación continua ten que entregar, en prazo e en FAITIC, a lectura obrigatoria e as dúas encomendas (como mínimo). Se o alumno non pode seguir este sistema de avaliación a cualificación será unicamente a cualificación do exame final de maio, o que tamén se aplicará aos alumnos que se presenten ao exame de xullo.

A proba de convocatoria única será o 18 de maio ás 10.00h. A parte teórica versará sobre os contidos da materia e as

lecturas obrigatorias establecidas en cada unidade (e a novela obrigatoria). O alumno terá que redactar esta parte en inglés. A parte práctica do exame final será unha tradución ao inglés dun texto que siga a tipoloxía dos contidos da materia, e un comentario crítico tradutolóxico das súas propostas de tradución (redactado en inglés). O alumnado poderá utilizar material de consulta (dicionarios ou glosarios) agás fontes telemáticas. O alumnado terá que superar as dúas partes da proba. A teoría suporá o 30% do exame e a práctica o 70%.

Se fose preciso cambiar a data do exame, a nova data comunicaráse con antelación a todos os estudantes matriculados.

Aos alumnos que sigan a avaliación continua se lles guardarán as partes superadas para a convocatoria de xullo.

As datas de entrega das encomendas e a proba serán as mesmas para os dous grupos.

En todas as probas e tarefas catro erros gramaticais serios implicarán un suspenso (un 3,5/10).

Se se detecta que os traballos ou tarefas son plaxios a cualificación será 0.

Bibliografía. Fontes de información

Unidade 1

Campbell, Stuart. 1998. *Translation into the Second Language*. London, New York: Longman.

Grossman, M. et al. 2000. *Translation into Non Mother Tongues. In Professional Practice and Training*.Tübingen: Stauffenburg.

Katan, D. 2004. *Translating cultures*. Manchester: St Jerome. 2nd edition.

Kelly, D., A. Martín, M. L. Nobs, D. Sánchez, C. Way (eds.) 2003. *La direccionalidad en Traducción e Interpretación. Perspectivas teóricas, profesionales y didácticas*. Granada: Atrio.

Merino, A. e P. H. Sheeri. 6th ed. 2007. *Manual práctico de traducción inversa español-inglés*. Anglodidáctica.

_____ 1991/ 2005. *Text Analysis in Translation. Theory, Methodology and Didactic Application of a Model for Translation-Oriented Text Analysis*. Amsterdam: Ropodi.

Tomalin, B. & S. Stempleski. 2014. *Cultural Awareness*. Oxford: Oxford University Press.

Venuti, L. 2012. *The Translator's Invisibility*. London: Routledge.

Benson, Morton, Evelyn Benson, Robert F. Ilson. 2010. *The BBI Combinatory Dictionary of English: Your Guide to Collocations and Grammar*. John Benjamins.

Linn, M. D. 1998. *Handbook of Dialects and Language Variation*. San Diego: Academic Press.

Unidade 3

Cortés, C., J. M. Busha Gisbert. 2005. *La traducción periodística*. Universidad Castilla la Mancha.

Gonzalo García, C. & V. García Yebra. 2005. *Manual de Documentación para la traducción literaria*. Arco: Madrid.

Mossop, B. 2014. *Revising and Editing for Translators*. Manchester: St. Jerome.

Recomendacións

Outros comentarios

A bibliografía completarase na clase.

O alumno debe ter unha competencia C1 na lingua inglesa.

A planificación poderá modificarse para axustarse á heteroxeneidade dos alumnos.
